



Asociación MONTEVAL

(Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín, Vilardevós, A Gudiña e A Mezquita)

**BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL DA ASOCIACIÓN MONTEVAL GDR 9, PARA XESTIONAR O PROGRAMA LEADER 2014-2020 COFINANCIADA POLO FEADER, NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020.**

### **OBJECTO DA CONVOCATORIA.**

A presente convocatoria, ten por obxecto a definición dos procesos selectivos que se aplicarán na selección do persoal laboral contratado para xestionar o Programa LEADER 2014-2020 no ámbito territorial do GDR9Asociación Monteval.

### **CARACTERÍSTICAS DA CONTRATACIÓN:**

O equipo técnico será contratado mediante un proceso selectivo que respectará os principios de igualdade, mérito e capacidade. Após do proceso selección procederase á contratación até finalización do programa LEADER 2014-2020.

O equipo técnico encargarse da información e asesoramento á poboación sobre os fondos LEADER e outras posibilidades de desenvolvemento e recursos, así como do acompañamento e asesoramento na xestión dos proxectos presentados ao programa LEADER, actuando sempre baixo a supervisión da Xunta Directiva do GDR á que dará conta de todas as súas actuacións e coa que se coordinará estreitamente.

Dadas as características do territorio pretendemos contar cun equipo interdisciplinario, móbil e dinámico que viaxe constantemente polo territorio para divulgar ou difundir información e para asesorar individualmente aos promotores dos proxectos. O seu horario será flexíbel en función das necesidades de cada momento e situación.

### **DEFINICIÓN DOS POSTOS, FUNCÍONS E RESPONSABILIDADES**

#### **- POSTOS**

**Os postos a cubrir son 3;** 1 xerente, 1 técnico/a e 1 administrativo/a condicionados á suficiencia orzamentaria asignada por AGADER ao GDR.

O persoal contratado dará servizo nas oficinas de Verín (Polígono de Pazos).

Salarios:

Os salarios brutos anuais aplicados ao LEADER serán de:



Asociación MONTEVAL

(Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín, Vilardevós, A Gudiña e A Mezquita)

Xerente: salario máximo bruto imputable 32.000 €/ano.

Técnico/a: salario máximo bruto imputable 26.000€/ano.

Administrativo/a: 18.000 €/ano.

## - **FUNCIONES**

As funcións comúns para todo o equipo xestor serán:

- Dinamización de todas as posibles iniciativas que poidan xurdir no territorio.
- Asesorar e informar aos socios da Asociación tanto individualmente como organizados na Asemblea Xeral, nas Mesas Sectoriais ou na Xunta Directiva.
- Desenvolvemento da EDL.
- Todas cantas actividades, relacionadas co seu cargo, acorde a Xunta Directiva da Asociación para acadar os obxectivos da estratexia.

## ▪ **FUNCIONES ESPECÍFICAS DO/A XERENTE**

- Acompañamento aos promotores dos proxectos.
- Compatibilizar recursos ou escoller o recurso máis axeitado a cada situación.
- Coordinarse con outros grupos o redes que traballen no territorio e que teñan obxectivos afíns de desenvolvemento (axentes de desenvolvemento local, equipos de inclusión, técnicos/as de medio rural, de AGADER...).
- Revisar informes e documentación, elaborada por o equipo técnico.
- Desenvolver a EDL, atendendo ás directrices da Xunta Directiva da Asociación.
- Concretar estratexias para levar a cabo os obxectivos do GDR, atendendo ás directrices da Xunta Directiva da Asociación.
- Xestión de recursos alternativos para o programa.
- Facer de intermediario entre a Asociación MONTEVAL GDR 9 e AGADER nos trámites burocráticos do día a día.
- Dar conta das actuacións do equipo á Xunta Directiva, expresada á través do seu Presidente.



Asociación MONTEVAL

(Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín, Vilardevós, A Gudiña e A Mezquita)

- Coordinar o equipo técnico, distribuindo tarefas e responsabilidades.
- Elevar propostas, informes e presentación de resultados das actuacións realizadas polo equipo respecto da xestión do Programa LEADER, ante os órganos de decisión do GDR.
- Dirixir a xestión contable, laboral e administrativa do GDR.
- Cantas outras se determinen encamiñadas ao fin último de desenvolvemento integral da zona.
- **FUNCIONES ESPECÍFICAS DO/A TÉCNICO/A**
  - Colaborar coa xerencia na xestión dos proxectos para desenvolver a EDLP.
  - Atender e asesorar a promotores/as e emprendedores/as, así como das obrigas que asumirán no caso de recibir axuda LEADER.
  - Tramitar os expedientes, elaborar informes, certificacións, actas,... acorde coa procedemento.
  - Informar sobre cuestións de carácter técnico que sirvan de fundamento para a proposta e adopción de decisións por parte do Grupo.
  - Apoiar á xerencia nas labores de difusión e divulgación da EDLP
  - Realizar o control das axudas e seguimento de resultados colaborando coa xerencia no balance e mellora dos mesmos.
  - Realizar tarefas técnicas relacionadas coa xestión administrativa do GDR.
  - Colaborar coa xerencia na preparación de informes e xuntanzas dos órganos de dirección.
  - Realizar as anotacións de rexistro na oficina do seu posto de traballo.
  - Cantas outras se determinen encamiñadas ao fin último de desenvolvemento integral da zona.
- **FUNCIONES ESPECÍFICAS DO/A ADMINISTRATIVO/A**
  - Permanecer na oficina o tempo que se determine e ofrecer o primeiro nivel de atención e información (atención telefónica e xestión de correspondencia e comunicacións telemáticas).
  - Comunicación electrónica e postal cos asociados, convocatoria de xuntas directivas e asemblea xeral.
  - Traballo informático de soporte aos técnicos/as: folletos informativos, estudos, planos...



Asociación MONTEVAL

(Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín, Vilardevós, A Gudiña e A Mezquita)

- Traballo administrativo: correspondencia, teléfono, rexistro, arquivo...
- Manexar soportes técnicos e informáticos en assembleas, encontros etc. nos que sexa necesario.
- Burocracia da Asociación con outras administracións e entidades.
- Xestión de compras, subministros e control de provedores.
- Tramitación administrativa dos expedientes (correspondencia, impresión, escaneados,...)
- Colaborar coa xerencia nas labores de mobilización, animación e dinamización do territorio, maduración de proxectos, apoio aos promotores e apoio técnico para selección de proxectos.
- Colaboración na elaboración do Informe de Control de Elixibilidade de cada proxecto para a súa posterior ratificación por parte da xerencia do GDR.
- Colaboración no asesoramento técnico aos promotores.
- Fiscalización e supervisión da xustificación dos investimentos por parte dos promotores das axudas Leader concedidas.
- Colaboración coa xerencia na organización, desenvolvemento e execución dos proxectos polo GDR.
- Implicación na difusión e publicidade do programa e desenvolvemento rural.

### PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os/as interesados/as en participar no proceso selectivo, deberán presentar a súa solicitude (Anexo I), con indicación expresa do posto ao que se concorre, copia do DNI, copia e orixinal da documentación que acredite os méritos alegados para a fase C (para cotexo no rexistro) e Anexo II (valoración de méritos).

As solicitudes presentaranse no Rexistro da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín (Rúa Cancelón 1, Verín) e irán dirixidas a atención de José Luis Suárez Martínez, Presidente da Asociación Monteval.

O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días naturais contados desde o día seguinte ao da data da publicación no xornal.



Asociación MONTEVAL

(Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín, Vilardevós, A Gudiña e A Mezquita)

Toda a información do proceso será publicada na páxina web do GDR <http://monteval.gal> e na de AGADER e nos taboleiros de anuncios dos concellos do GDR.

Poderán contactar co GDR a través do enderezo electrónico [asociacionmonteval@gmail.com](mailto:asociacionmonteval@gmail.com)

As comunicacións cos aspirantes realizarase a través de enderezo electrónico, salvo a comunicación final dos seleccionados que se farán por carta certificada.

### **PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN**

Trala convocatoria de selección do persoal daranse 20 días naturais para a entrega da documentación, revisaranse os requisitos mínimos e elaboraranse a lista provisional de admitidos e excluídos e causas de exclusión. Abrirase un prazo de 3 días naturais para a achega de documentación pendente e elaboraranse a listaxe definitiva de admitidos.

Os admitidos/as serán convocados á FASE A con mínimo 48 horas de antelación, todos/as os que superen esta fase serán convocados ás FASE B e valoraranse os seus méritos FASE C.

O sistema de selección constará das seguintes fases, comúns a todas prazas. A puntuación máxima será de 100 puntos:

**FASE A: PROBA ESCRITA.** Máximo 50 puntos e de carácter excluínte.

Consistirá nunha proba tipo test e poderase solicitar a realización doutra sobre algún dos temas específicos a desenvolver.

A proba tipo test deberá ser superada, para iso deberán ter correctas o 50% das respostas para pasar á FASE B. Entenderanse por superada cando se acade como mínimo a metade dos puntos asignados a dita proba.

O resultado da proba escrita publicarase na páxina web do GDR e darase un prazo de tres naturais desde a publicación para posíbeis alegacións.

O resultado final publicarase na páxina web do GDR xunto coa convocatoria da FASE B cun mínimo de 48 horas de antelación.

**FASE B: ENTREVISTA.**



Asociación MONTEVAL

(Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín, Vilardevós, A Gudiña e A Mezquita)

Serán convocados todos/as os aspirantes que superen a FASE A.

Os entrevistadores procuraran atopar as persoas mais axeitadas para os postos tendo en conta as motivacións, experiencias anteriores, actitudes, desexo de aprender... A entrevista será dirixida e preparada. Máximo 25 puntos.

**FASE C: VALORACIÓN DE MÉRITOS.** Valorarase a formación demostrada (experiencia laboral, formación académica e complementaria,...). Máximo 25 puntos.

Trala revisión dos méritos sairán as puntuacións dos aspirantes e daranse 3 días naturais para formular alegacións.

Os/as candidatos a ocupar os postos de xerente, técnico/a, administrativo/a serán aqueles que obteñan unha maior puntuación da suma das fases A, B e C. Tralo período de alegacións enviarase carta certificada a cada un dos seleccionados.

#### **REQUISITOS MÍNIMOS DOS ASPIRANTES**

Establécense requisitos mínimos a seguinte titulación:

- **Xerente e técnico/a: diplomatura universitaria ou enxeñería técnica.**
- **Administrativo/a: ciclo superior en administración e finanzas, ciclo superior de secretariado, FP II rama Administrativa ou equivalente.**

Outros requisitos:

- Ter máis de 18 anos.
- Ser cidadán español ou da UE.
- Carné de conducir e vehículo propio.
- Disponibilidade horaria.
- Non estar incurso nas causas de incompatibilidades aplicables ao persoal ao servizo da administración galega.
- Non estar separado definitivamente, mediante expediente disciplinario do servizo en calquera administración pública, nin estar inhabilitada para o exercicio da función pública.



Asociación MONTEVAL

(Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín, Vilardevós, A Gudiña e A Mezquita)

## INCOMPATIBILIDADES

A persoa que ocupe o cargo de xerente terá dedicación exclusiva ao GDR e non desempeñará cargos electos nos órganos de decisión.

## FASE A. PROBA ESCRITA

As persoas admitidas após da revisións das solicitudes serán convocados á FASE A. Esta fase ten unha puntuación máxima de 50 puntos, consistirá nunha proba tipo test. Para o posto de xerente e de técnico realizarase ademais unha proba escrita que consistirá en desenvolver por escrito dous temas do temario (temas do PDR 2014-2020 ou territorio GDR).

A proba tipo test é excluínte, debe ser superada para pasar á FASE B e á FASE C.

Considérase superada cando se acade un mínimo do 50% dos puntos, sobre una puntuación de 50 puntos, deberase acadarse os 25 ou máis puntos, unicamente puntuarán as respostas correctas.

Para o caso do Xerente e do Técnico, o tipo test valerá 30 puntos (60%) e o mínimo para pasar á seguinte proba sería de 15 puntos. De igual xeito, na proba escrita hai que sacar un mínimo de 10 puntos para pasar á FASE B.

No caso de que ningún dos aspirantes supere a proba tipo test, ou sexa unicamente unha persoa a que a supere, o tribunal decidirá unha nova nota de corte, de tal xeito que todos/as aspirantes que estean por riba desa nota pasarán á FASE B.

A continuación descríbese o temario para cada un dos perfís:

### A) XERENTE

PDR 2014/2020 de Galicia:

- Tema 1. Explotacións agrícolas e empresariais.
- Tema 2. Medio ambiente e clima.
- Tema 3. Agricultura ecolóxica.
- Tema 4. Pagamentos a zonas con limitacións naturais ou outras limitacións específicas.
- Tema 5. Servizos silvoambientais e climáticos e conservación dos montes.



Asociación MONTEVAL

(Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín, Vilardevós, A Gudiña e A Mezquita)

- Tema 6. Apoio para o desenvolvemento local de LEADER.
- Bases reguladoras para a selección de grupos de desenvolvemento rural.
- Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Territorio do GDR9 Asociación Monteval, 10 concellos. Realidade socioeconómica, cultural e ambiental.
- Borrador do convenio de Turismo - Agader

#### B) TÉCNICO/A

PDR 2014/2020 de Galicia:

- MEDIDA 19. Apoio para o desenvolvemento local de LEADER
- Bases reguladoras para a selección de grupos de desenvolvemento rural
- Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Territorio do GDR9 Asociación Monteval, 10 concellos. Realidade socioeconómica, cultural e ambiental.

#### C) ADMINISTRATIVO/A:

- Bases reguladoras para a selección de grupos de desenvolvemento rural
- Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Territorio do GDR9 Asociación Monteval, 10 concellos. Realidade socioeconómica, cultural e ambiental.
- Coñecementos de informática básica (excell, word, ...)

#### FASE B. ENTREVISTA

As persoas que aspiren á praza terá que responder ás preguntas expostas polo tribunal, valorándose o seguinte:

#### A) Xerente e técnico/a

- Capacidade de traballo en equipo.





Asociación MONTEVAL

(Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín, Vilardevós, A Gudiña e A Mezquita)

- Capacidade para comunicar.
- Capacidade de escoita para recoller dos veciños/as, dos grupos e das asociacións os problemas e necesidades que formulen.
- Disposición e capacidade para aprender do rural.
- Empatía e capacidade para animar. Carácter positivo e optimista.
- Defensa do currículo vítae.
- B) Administrativo/a:
  - Capacidade de traballo en equipo.
  - Carácter dinámico e afable para atención e información inicial.
  - Organizado/a na presentación dos traballos e resolutivo/a .
  - Defensa do currículo vítae.

### **FASE C. VALORACIÓN DE MÉRITOS (25 PUNTOS)**

Consistirá na avaliación por parte do tribunal dos méritos que concorran en cada unha das persoas aspirantes q teñan superado a proba escrita, relacionados no currículo vítae (segundo anexo II), consonte ao seguinte baremo:

#### **A) XERENTE**

##### **1. Formación regrada. (ata 10 puntos)**

Titulación universitaria na rama económica, empresarial, xurídica ou enxeñerías agrarias (agrícola, gandeira e forestal):

- Licenciatura ou enxeñería superior. 6 puntos
- Diplomatura ou enxeñería técnica. 4 puntos

Por formación de postgrao (postgraos, masters) relacionadas cas funcións a desempeñar ou con formación económica/financeira e agraria. 2 puntos

Outras titulacións universitarias. 2 puntos



Asociación MONTEVAL

(Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín, Vilardevós, A Gudiña e A Mezquita)

**2. Formación complementaria (ata 4 puntos):** pola asistencia a cursos, xornadas e congresos realizados por calquera Administración Pública, Universidades e colexio oficial relacionados co traballo.

- Menos de 20 h --- 0.3 puntos /por curso
- De 20 h a 100 h --- 0.5 puntos “
- Máis de 100 h ----1 punto “

**3. Celga (ata 1 punto):** valorarase o coñecemento da lingua galega acreditado polos cursos e titulacións homologadas pola Xunta de Galicia (só se valorará o de grao superior alegado):

- Celga 4 ou certificado do curso de perfeccionamento ao galego: 1 punto
- Celga 3 ou certificado de iniciación ao galego: 0,80 puntos.
- Celga 2: 0,60 puntos.
- Celga 1: 0,40 puntos.

**4. Experiencia laboral (ata 10 puntos):**

**10 puntos. EXPERIENCIA LABORAL EN POSTO SIMILAR.**

Por mes traballado (completo) concederanse 0.15 puntos até un máximo de 10 en postos de traballo con funcións xerenciais ou de técnico en programas de desenvolvemento rural (Leader, Proder, Agader, Galp ou calquera outro programa de filosofía similar ao Leader). A experiencia laboral acreditarase cos contratos de traballo ou certificados das empresas xunto co informe de vida laboral.

Non se computarán servizos inferiores a un mes, considerándose para estes efectos os meses de trinta días. Os servizos prestados a tempo parcial computaranse proporcionalmente.

Só se puntuarán aqueles traballos relacionados coas funcións especificadas nas bases de selección.

**B) TÉCNICO/A**



Asociación MONTEVAL

(Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín, Vilardevós, A Gudiña e A Mezquita)

### **1. Formación regrada. (ata 10 puntos)**

Titulación universitaria na rama económica, empresarial, xurídicas ou enxeñerías agrarias (agrícola, gandeira e forestal):

- Licenciatura ou enxeñería superior. 6 puntos
- Diplomatura ou enxeñería técnica. 4 puntos

Por formación de postgrao (postgraos, masters) relacionadas cas funcións a desempeñar ou con formación económica/financeira e agraria. 2 puntos

Outras titulacións universitarias. 2 puntos

**2. Formación complementaria(ata 4 puntos):** pola asistencia a cursos, xornadas e congresos realizados por calquera Administración Pública, Universidades e colexio oficial relacionados co traballo.

- Menos de 20 h --- 0.3 puntos /por curso
- De 20 h a 100 h --- 0.5 puntos “
- Máis de 100 h ----1 punto “

**3. Celga (ata 1 punto):** valorarase o coñecemento da lingua galega acreditado polos cursos e titulacións homologadas pola Xunta de Galicia (só se valorará o de grao superior alegado):

- Celga 4 ou certificado do curso de perfeccionamento ao galego: 1 punto
- Celga 3 ou certificado de iniciación ao galego: 0,80 puntos.
- Celga 2: 0,60 puntos.
- Celga 1: 0,40 puntos.

**4. Experiencia laboral (ata 10 puntos):**

**10 puntos. EXPERIENCIA LABORAL EN POSTO SIMILAR.**

Por mes traballado (completo) concederanse 0.15 puntos até un máximo de 10 en postos de traballo con funcións xerenciais ou de técnico en programas de desenvolvemento rural (Leader, Proder, Agader, Galp ou calquera outro programa de filosofía similar ao Leader) .



Asociación MONTEVAL

(Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín, Vilardevós, A Gudiña e A Mezquita)

A experiencia laboral acreditarase cos contratos de traballo ou certificados das empresas xunto co informe de vida laboral.

Non se computarán servizos inferiores a un mes, considerándose para estes efectos os meses de trinta días. Os servizos prestados a tempo parcial computaranse proporcionalmente.

Só se puntuarán aqueles traballos relacionados coas funcións especificadas nas bases de selección.

### **C) ADMINISTRATIVO/A:**

#### **1. Formación regrada. (ata 6 puntos)**

Titulacións na rama económica, empresarial, administración e finanzas:

- Licenciatura. 5 puntos
- Diplomatura. 4 puntos
- Ciclo superior, FPII rama administrativa ou equivalente. 3 puntos.

Por formación de postgrao (postgraos, masters) na rama económica, empresarias, administración e finanzas. 1 punto

**2. Formación complementaria (ata 6 puntos):** pola asistencia a cursos, xornadas e congresos realizados por calquera Administración Pública, Universidades e colexio oficial relacionados co traballo.

- Menos de 20 h --- 0.3 puntos /por curso
- De 20 h a 100 h --- 0.5 puntos “
- Máis de 100 h ----1 punto “

**3. Celga (ata 1 punto):** valorarase o coñecemento da lingua galega acreditado polos cursos e titulacións homologadas pola Xunta de Galicia (só se valorará o de grao superior alegado):

- Celga 4 ou certificado do curso de perfeccionamento ao galego: 1 punto
- Celga 3 ou certificado de iniciación ao galego: 0,80 puntos.
- Celga 2: 0,60 puntos.



Asociación MONTEVAL

(Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín, Vilardevós, A Gudiña e A Mezquita)

- Celga 1: 0,40 puntos.

#### **4. Experiencia laboral (ata 12 puntos):**

##### **12 puntos. EXPERIENCIA LABORAL EN POSTO SIMILAR.**

- Por mes traballado (completo) concederanse 0.30 puntos até un máximo de 12 en postos de traballo de administrativo ou similar en programas de desenvolvemento rural (Leader, Proder, Agader, Galp ou calquera outro programa de filosofía similar ao Leader).
- Por mes traballado (completo) concederanse 0.25 puntos até un máximo de 10 en postos de traballo de administrativo ou similares. A experiencia laboral acreditarase cos contratos de traballo ou certificados das empresas xunto co informe de vida laboral.

Non se computarán servizos inferiores a un mes, considerándose para estes efectos os meses de trinta días. Os servizos prestados a tempo parcial computaranse proporcionalmente.

Só se puntuarán aqueles traballos relacionados coas funcións especificadas nas bases de selección.

#### **EMPATE DOS ASPIRANTES**

No caso de que dous ou máis aspirantes acaden a mesma puntuación final, seleccionarse a persoa segundo os criterios seguintes:

1º A puntuación obtida na proba escrita.

2º A puntuación no apartado de experiencia profesional relacionada co posto.

3º A puntuación no apartado de formación relacionada co posto.

4º A puntuación obtida na entrevista curricular.

#### **LISTA DE AGARDA**



Asociación MONTEVAL

(Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín, Vilardevós, A Gudiña e A Mezquita)

Ao final da selección procederáse a elaborar unha lista de agarda, coas persoas que non acaden o posto de traballo, ordenadas por nota final (suma das Fases A, B, e C).

As listas de agarda creadas para o posto de técnico e xerente poderán ser empregadas na contratación de técnicos ou longo do programa (plan de cooperación, formación, baixas...).

No caso de baixas, renuncias, ...do persoal contratado, o posto será ocupado polo seguinte na lista de agarda da mesma categoría (lista de xerente, de técnico/a e de administrativo/a).

No caso de non poder realizarse lista de agarda, por falta de aspirantes, o GDR convocará un novo proceso selectivo para ocupar os postos que se xeren ao logo do programa.

### COMISIÓN DE SELECCIÓN

Formaran parte da comisión de selección do persoal:

Presidente da Asociación. José Luis Suárez Martínez

Vicepresidente da Asociación. Luciano Rivero Cuquejo

Tesoureiro da Asociación, quen actuará de secretario. Diego Lago Cabo

1 representante dos concellos. Ana María Villarino Pardo

1 representante das entidades privadas. Ricardo Prieto Rocha

-Pode participar un representante de AGADER, con voz e sen voto e tamén 2 asesores (secretarios - interventores dos concellos).

A decisión da comisión é inapelábel.

Prazos e instancia:

As instancias debidamente cubertas xunto co currículo vítae, copia de DNI e informe vida laboral deberán ser entregados no prazo de 20 días contados a partires do día seguinte á publicación das bases (no xornal con maior tirada da provincia).



**Asociación MONTEVAL**

(Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín, Vilardevós, A Gudiña e A Mezquita)

## **ANEXO I. Modelo de solicitude**

D/Dña \_\_\_\_\_,

con DNI nº \_\_\_\_\_, e  
endereço electrónico \_\_\_\_\_ en virtude  
da convocatoria para a contratación de persoal para o programa LEADER 2014 - 2020 por  
parte da Asociación MONTEVAL GDR 9.

### **SOLICITA,**

Participar no proceso de selección do programa Leader 2014 - 2020 para a Asociación  
MONTEVAL GDR 9 para o posto de:

- Xerente
  - Técnico/a
  - Administrativo/a
- Documentación a xuntar coa solicitude (orixinal ou copia)
- Anexo II II e documentación xustificativa dos méritos
  - DNI
  - Currículumvitae e informe de vida laboral
  - Curso de perfeccionamento do galego ou equivalente
  - Carné de conducir e declaración de dispoñer de vehículo
  - Declaración de non estar incurso nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma Galega

**Presidente da Asociación MONTEVAL GDR 9**  
**José Luis Suárez Martínez**



Asociación MONTEVAL

(Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín, Vilardevós, A Gudiña e A Mezquita)

## ANEXO II. Valoración de méritos

NOME:			
DNI:			
POSTO:			
FORMACIÓN			
REGRADA		PUNTUACIÓN	
TITULACIÓN/MESTRADO/DOUTORAMENTO/DEA...			
TOTAL			
COMPLEMENTARIA		HORAS	PUNTUACIÓN
TITULO CURSO/CONGRESO/FORMACIÓN			





**Asociación MONTEVAL**

(Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín, Vilardevós, A Gudiña e A Mezquita)

<b>TOTAL FORMACIÓN</b>			
<b>EXPERIENCIA PROFESIONAL</b>			
<b>EMPRESA</b>	<b>POSTOS</b>	<b>MESES</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>			